

PROXECTO LIBRO X DOS RÉCORDS E MELLORES MARCAS

1.-Para os Records Galegos e Mellores Marcas de Idades en piscina de 50 metros, as distancias e os estilos seguintes serán recoñecidos para ambos sexos:

RÉCORDS:

LIBRE: 50, 100, 200, 400, 800, 1500 metros

COSTAS: 50, 100, 200 metros

BRAZA: 50, 100, 200 metros

BOLBORETA: 50, 100, 200 metros

ESTILOS INDIVIDUAL: 200, 400 metros

RELEVOS DE LIBRE: 4x50, 4x100, 4x200 metros (Absolutos e Clubs)

RELEVOS DE ESTILOS: 4x50, 4x100 metros (Absolutos e Clubs)

MELLORES MARCAS:

LIBRE: 50, 100, 200, 400, 800, 1500 metros

COSTAS: 50, 100, 200 metros

BRAZA: 50, 100, 200 metros

BOLBORETA: 50, 100, 200 metros

ESTILOS INDIVIDUAL: 200, 400 metros

2.- Para os Records Galegos e Mellores Marcas de Idades en piscina de 25 metros, as distancias e os estilos seguintes serán recoñecidos para ambos sexos.

RÉCORDS

LIBRE: 50, 100, 200, 400, 800, 1500 metros

COSTAS: 50, 100, 200 metros

BRAZA: 50, 100, 200 metros

BOLBORETA: 50, 100, 200 metros

ESTILOS INDIVIDUAL: 100, 200, 400 metros

RELEVOS DE LIBRE: 4x50, 4x100, 4x200 metros (Absolutos e Clubs)

RELEVOS DE ESTILOS: 4x50, 4x100 metros (Absolutos e Clubs)

MELLORES MARCAS

LIBRE: 50, 100, 200, 400, 800, 1500 metros

COSTAS: 50, 100, 200 metros

BRAZA: 50, 100, 200 metros

BOLBORETA: 50, 100, 200 metros

ESTILOS INDIVIDUAL: 100, 200, 400 metros

3.-As Mellores Marcas de Idades estableceranse por ano de nacemento: 12 a 18 anos, tanto en categoría

masculina como feminina.

4.- Para que un equipo de relevos poida establecer Récord de Clubs, debe estar inscrito como Club, debéndolle pertencer todos os seus compoñentes.

5.-Todos os Records e Mellores Marcas de Idades deberán conseguirse durante a competición, ou nunha carreira individual contrarreloxo, en público, e dentro dunha proba oficial.

6.-Para a consecución dun Récord ou Mellor Marca de Idades está totalmente prohibido dar indicacións aos nadadores con marcas, instrumentos, sons ou outros efectos.

7.-A piscina deberá estar homologada pola FEGAN, segundo a normativa correspondente.

8.-Os Records Galegos e Mellores Marcas de Idades serán aceptados cando os tempos fosen rexistrados mediante un equipo de clasificación automático segundo os regulamentos en vigor e cun xurado oficial.

Os Records Galegos e as Mellores Marcas de Idades rexistraranse á centésima de segundo.

Os Records Galegos Máster tamén serán aceptados cando fosen conseguidos cun sistema de cronometraxe manual. Teranse en conta os resultados obtidos a partir do 1 de outubro de 2017. Adaptaranse ao programa de probas correspondente á categoría máster.

9.-Os tempos iguais á centésima de segundo, serán recoñecidos como Records ou Mellores Marcas igualados e os nadadores que realizasen eses tempos iguais serán designados como posuidores do Récord Galego ou Mellor Marca de Idades. Se nunha carreira máis dun nadador establece rexistros que mellorasen o Récord Galego ou a Mellor Marca de Idades, só o tempo do vencedor da carreira poderá ser considerado como Récord ou Mellor Marca de Idades. No caso de empate nunha carreira onde se estableza un Récord ou Mellor Marca de Idades, os nadadores empatados consideraranse como posuidores do Récord Galego ou Mellor Marca de Idades.

10.-O primeiro nadador dun relevo pode pedir a homologación dun Récord Galego ou unha mellor Marca de Idades. Se percorre a súa distancia nun tempo récord, conforme as disposicións presentes, a súa actuación non será anulada por descualificación posterior do seu equipo de relevos por faltas ocorridas despois de que el realizase a súa carreira.

11.-Nunha proba individual, un nadador poderá pedir a homologación dun Récord Galego ou Mellor Marca de Idades para unha distancia intermedia se é rexistrado por un equipo de Clasificación Automático. O nadador deberá percorrer a distancia prevista para a proba sen ser descualificado, para solicitar o récord da distancia intermedia.

12.-A homologación de Records Galegos e Mellores Marcas de Idades deberá solicitarlla á FEGAN o Club ao que pertence o nadador, acompañada da Acta de Resultados da Competición asinada polo Xuíz Árbitro, nos 15 días seguintes á súa realización.

13.-Todos os Records Galegos e Mellores Marcas de Idades realizados durante os Campionatos de Galicia e outras competicións organizadas pola FEGAN, serán recoñecidos por esta de forma inmediata.

14.-Unha vez recoñecida unha marca dun nadador como Récord Galego e/ou Mellor Marca de Idades, a FEGAN procederá á súa inclusión na táboa correspondente.